



Estimado produtor

Como xa saberás, a Unión Europea aprobou a concesión á DOP Mexillón de Galicia dunha partida económica equivalente ao 70% de 4 millóns de euros para desenvolver ao longo de 2023, 2024 e 2025 unha campaña de promoción e comunicación da nosa marca de calidade. Esta decisión supón un fito de enorme relevancia para a DOP porque lle permitirá impulsar o noso selo de calidade e reforzar a imaxe de Mexillón de Galicia ante os consumidores, cumprindo así un dos principais obxectivos do Consello Regulador.

Un proxecto trianual, enmarcado na “Nova política de promoción” da Unión Europea, e que ten como prioridade potenciar o valor engadido dos produtos europeos con DOP e IXP ante a competencia de produtos chegados desde fóra da Unión que en moitos casos non están sometidos aos controis de calidade e seguridade vixentes en Europa e que, ademais, ofrécense a prezos máis baixos.

As regras do mercado actual ditan que a diferenciación é unha condición obrigada para ser competitivos. É preciso por tanto incidir nos nosos valores (a orixe cento por cento galega e unha calidade superior) e transmitilos aos consumidores para que sexan conscientes de que adquiren un alimento único. Esa tarefa ha de estar sustentada nunha labor promocional constante á que Mexillón de Galicia dedica un gran esforzo. Agora, este respaldo económico permitirá implementar estratexias dirixidas a posicionar claramente o noso selo de calidade, incrementando así a súa capacidade de penetración no mercado.

O plan realizarase conxuntamente coa DO Cava. Durante os seus tres anos de vixencia desenvolveranse accións para incrementar o coñecemento e recoñecemento de ambas marcas de calidade, así como para asociar tanto a Mexillón de Galicia como a Cava cos valores dos produtos europeos (calidade, rastrexabilidade, seguridade alimentaria e sustentabilidade).



Tales accións realizaranse en diversos formatos e soportes comunicativos buscando alcanzar unha cobertura o máis ampla posible. De modo que se recorrerá tanto a medios tradicionais como a prensa escrita, onde se publicarán artigos e reportaxes sobre ambas marcas de calidade, como a outros dunha gran penetración como a televisión, onde se emitirán anuncios en horarios de máxima audiencia. A campaña terá outro dos seus soportes fundamentais na internet, cunha páxina web que se creará ao efecto, redes sociais, vídeos, blogs...

Igualmente organizaranse eventos específicos para a prensa e establecerase unha canle de comunicación permanente con xornalistas e bloggers de referencia que axuden a trasladar á audiencia as bondades de Mexillón de Galicia e Cava.

Este plan foi explicado ao detalle en distintas asembleas e recibiu o apoio unánime dos distintos actores que integran a DOP Mexillón de Galicia.

A estrutura de pagos a realizar polos produtores integrados na DOP baséase en dous recibos por ano, durante os tres anos de duración do programa. Un recibo por un importe de 80 €, correspondente ao principal dos fondos, e outro recibo por un importe de 56 € correspondente ao IVE do conxunto do programa.

Trátase dun esforzo moi importante pero que permitirá a Mexillón de Galicia experimentar un considerable crecemento como marca de calidade, para facerlle chegar ao consumidor final as bondades e garantías do noso produto, incrementando a presenza do noso selo no mercado.

Un cordial saúdo.

**Mané Calvo García-Benavides, presidente do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia**